



Código do documento	Código do expediente
USG18I058D	USG/2024/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
195T 3903 1F3Y 086L 13Z7	

EBV

CONSULTA PREVIA

EXPEDIENTE PARA A APROBACION DUNHA ORDENANZA REGULADORA DO USO DA LINGUA GALEGA DO CONCELLO DE CULLEREDO. EXPTE: USG/2024/184.

Don José Ramón Rioboó Castro, Alcalde-presidente do Concello de Culleredo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Por acordo plenario de data 30.07.2024 aprobouse por unanimidade da Corporación unha moción do grupo do BNG pola que se acordaba "Instar o órgano competente a elaborar e presentarlle ao Pleno do Concello de Culleredo para a súa aprobación, se procede, antes de fin de ano, unha ordenanza do uso da lingua galega, a cal establecerá as accións que o Concello de Culleredo debe emprender, así como os criterios lingüísticos para seguir nas diferentes accións, ámbitos de actuación e situacións comunicativas."

C.I.F. P-1503100-H

Por providencia de alcaldía de data 11.09.2024 incóase expediente para a aprobación dunha Ordenanza reguladora do uso da lingua galega no Concello de Culleredo.

Visto o informe xurídico de secretaría xeral de data 12.09.2024 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da ordenanza.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -LPACAP-, con carácter previo á elaboración do Regulamento, substánciase unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

En consecuencia, DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Realizar a consulta previa pública a través do portal web do Concello de Culleredo durante un prazo de 20 días hábiles, para os efectos de solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello de Culleredo, conforme á seguinte MEMORIA:

1 de 3



Código do documento	Código do expediente
USG18I058D	USG/2024/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
195T 3903 1F3Y 086L 13Z7	

a) Antecedentes:

Este trámite de consulta preliminar atopa o seu fundamento legal no artigo 9.2 da Constitución Española, no que se recolle a obriga dos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida pública. Por outra banda, o artigo 129.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga de posibilitar a participación activa dos posibles destinatarios na elaboración das normas. Na mesma liña, o artigo 133 da Lei 39/2015 establece que, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se promoverá unha consulta pública para recadar a opinión da cidadanía.

b) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

A lexislación de aplicación en materia lingüística é dispersa (Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, Lei 3/1983 de normalización lingüística, Lei 5/1988 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais, Lei 5/1997 de administración local de Galicia, etc.) polo que a súa sistematización nun mesmo texto normativo pode contribuir ao seu coñecemento e impulso por parte dos responsables políticos, empregados públicos e cidadanía.

c) Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

Impulsar o uso da lingua galega a través dunha disposición de carácter xeral propia que defenda e promova o dereito a utilizar a lingua galega nos distintos ámbitos municipais.

d) Obxectivos da ordenanza:

O obxectivo desta iniciativa consiste en establecer as accións que o Concello de Culleredo debe emprender, así como os criterios lingüísticos para seguir nas diferentes accións, ámbitos de actuación e situacións comunicativas.

Potenciar o uso do galego tanto nas relacións administrativas dos cidadáns co concello, como na actuación interna, nas relacións institucionais e no exercizo das potestades administrativas, así como impulsar o seu uso, ademais da creación dun Plan de normalización lingüística.

e) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

O desenvolvemento da lexislación estatal e autonómica en materia lingüística por parte das entidades locais levarase a cabo necesariamente a través da



Código do documento	Código do expediente
USG18I058D	USG/2024/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
195T 3903 1F3Y 086L 13Z7	

potestade regulamentaria municipal que leva consigo a elaboración de ordenanzas e regulamentos.

O Concello da Culleredo podería dar resposta ás necesidades descritas optando por algunha das seguintes alternativas:

1ª) Dar cumprimento as distintas normas de aplicación que regulan o uso da lingua galega (Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, Lei 3/1983 de normalización lingüística, Lei 5/1988 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais, e Lei 5/1997 de administración local de Galicia) mediante a elaboración de directrices ou instrucións internas en materia lingüística, ou mediante a elaboración dun plan de normalización lingüística.

2ª) Aprobación dunha ordenanza reguladora do uso da lingua galega no Concello que dé unha resposta máis integral e axeitada ao conxunto de necesidades e problemas descritos.

C.I.F. P-1503100-H

SEGUNDO.- Publicar a presente consulta no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web municipal para que os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poidan facer chegar as súas opinións ou suxerencias a través da súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Culleredo, á data da sinatura dixital,

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

RIOBOO CASTRO, JOSE
RAMON
Alcalde-Presidente
12/09/2024 10:45